



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Estadías Clínicas III	Código	750G01027	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria	18
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	para poder cursar esta materia es necesario tener aprobadas todas las estancias clínicas previas (I y II)			
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Profesorado	Arantón Areosa, Luis Fernando Cobas Couto, Elvira Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	luis.aranton@udc.es elvira.cobas@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Son estadías clínicas, correspondentes ao nivel intermedio da aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos coñecementos adquiridos, dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes nunha situación de coidado real.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario	A62	B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B13 B14 B22 B24	C1 C3
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as suas familias e grupos	A62	B1 B3 B6 B7 B9 B11 B12 B14 B15 B16	C1 C7 C12
Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital.	A62	B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B19	C3 C4 C10 C11



Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B5 B9 B10 B12 B13 B20	C7
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B13 B16 B24	C4 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións de ámbito hospitalario, de saúde mental e sociosanitarios, que permiten ao alumnado a integración nas diferentes contornas clínicas, así como comprender e implementar as funcións das/os enfermeiras/os, integrando e desenvolvendo os coñecementos teóricos, as actitudes e as habilidades.	Prácticas Clínicas ámbito hospitalario. Prácticas Clínicas ámbito saúde mental. Prácticas Clínicas ámbito sociosanitario.
Contidos dos seminarios no ámbito da saúde mental: 1.- Seminario-taller introductorio: A práctica narrativa nos contextos de saúde-enfermidade. 2.- Seminarios-talleres: traballo con textos literarios. 3.- Seminario-taller de traballo autobiográfico vivencial.	Por que nos importan as historias? A función narrativa. Empatía e narrativa: As historias como acceso á comprensión do outro. Enfermidade e saúde, o seu impacto na biografía. Introdución á práctica narrativa en ciencias da saúde. A procura sentido: escoitar e interpretar as historias dos pacientes.
Contidos dos seminarios no ámbito sociosanitario: - Desenvolvemento de estratexias de cuidados centrados na persoa.	- Encher de vida os anos das persoas que viven nun centro sociosanitario. - Acompañar e soste a fin da vida con dignidade nun centro sociosanitario.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C11 C12	0	15	15
Seminario	A62 B1 B3 B8 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B22 C1 C7 C10 C11	16	30	46
Actividades iniciais	A62 B1 B10 B11	2	0	2
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	360	23	383



Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	A partires de un problema enfermeiro identificado en un grupo de persoas de características similares que viven nun centro sociosanitario, os alumnos deben ser capaces de describir o problema de saúde que presentan, os factores determinantes do mesmo, mapear os recursos que posúen e atopar unha solución creativa e innovadora, cientificamente avalada e socialmente aceptable, para respostar profesional e cientificamente para resolvelo. Deseñarán para elo un proceso de coidados innovador coa metodoloxía que se lles proporcionará durante o curso para tal fin.
Seminario	Realizaranse varios seminarios obrigatorios no ámbito da saúde mental. Seminarios sobre a práctica narrativa en contextos de saúde e enfermidade a través de textos literarios. Neles traballarase a capacidade de escoitar e apreciar o relato do paciente como unha destreza transversal cuxo desenvolvo permítalle explorar a historia do paciente a través do dialogo, activando a atención, a curiosidade. No eido sociosanitario realizaranse dous seminarios tamén obrigatorios, o primeiro "Encher de vida os anos das persoas que viven nun centro sociosanitario" e o segundo "Acompañar e soste a fin da vida con dignidade nun centro sociosanitario".
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas nos diferentes ámbitos. Sesión na aula, se explica e aclaran todosos aspectos necesarios para o desenvolvemento adecuado da práctica clínica nos tres ámbitos da Estancia Clínica. Especificaránse traballos a entregar, datas de entrega, datas de comenzo da practica clínica e fichas de avaliación, normativa das Practicas Clínicas, accidentes biolóxicos....
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o alumnado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Solución de problemas	A atención personalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o alumnado debe alcanzar. Así mesmo servirá para axudar aos alumnos nas dificultades persoais que puidesen presentar e que lles dificultasen acadar as competencias propostas. Realízase de forma individualizada e a demanda do alumnado segundo as necesidades que presente.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	<p>A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a escola.</p> <p>Como resultado do rotatorio práctico, xerárase un informe final, o cal será elaborado polo profesor que tutorice ao alumno/a no centro sanitario. Este informe será finalmente valorado polo profesor responsable da materia.</p> <p>Na elaboración do informe final teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do/a alumno/a.</p> <p>O Alumnado coñecerá a ficha de avaliación, antes do inicio das Prácticas clínicas.</p>	60
Seminario	A62 B1 B3 B8 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B22 C1 C7 C10 C11	<p>Criterios de avaliación no ámbito de saúde mental:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Asistencia obrigatoria (Seminarios).2. Lectura de textos literarios, asistencia, participación e entrega dos comentarios e/ou reflexións solicitadas. <p>Supón o 10% (1 puntos) da nota final.</p> <p>Será necesario alcanzar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumar as calificacións do resto de actividades.</p> <p>Os seminarios do eido sociosanitario suporán igualmente un 10% da nota final, sendo o requisito necesario para acadar esta puntuación a participación presencial e activa en ambos seminarios, así coma a realización das actividades que se plantexen para profundizar no estudo dos temas propostos.</p>	20
Solución de problemas	A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C3 C4 C11 C12	<p>Criterios de avaliación do proceso de coidados innovador no eido sociosanitario :</p> <ol style="list-style-type: none">1. Pertinencia e viabilidade da proposta de coidados no eido sociosanitario para o que se propón.2. Impecabilidade metodolóxica no deseño do proceso de coidados innovador.3. Compromiso da proposta de coidados coa mellora da saúde e da calidade de vida dos residentes do centro sociosanitario.	20

Observacións avaliación



PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal e como consta na memoria do Título de Grao.

O alumnado para superar a práctica clínica deberá realizar o 100% das prácticas, faltas de asistencia recuperadas e xustificadas e avaliación positiva dos profesionais cunha nota igual o superior a 5 (sobre 10).

Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas poden supor, a criterio dos profesores responsables da materia, o suspenso da materia. A recuperación das faltas nas prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas.

A aplicación da cualificación correspondente realizarase a condición de que o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Solución de Problemas) superadas de maneira independente.

Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínica e Solución de problemas).

A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 60%, solución de problemas 30% e seminario 10%) en cada unha das partes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das Estancias Clínicas realizadas no ámbito hospitalario, sociosanitario e de saúde mental. O sistema de cualificacións exprésarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspenso

5-6.9=Aprobado

7-8.9=Notable

9-10=Sobresaliente

9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán contorna á devandita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Solución de problemas) son a asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica e na solución de problemas, e as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio-xuño conservaranse para a convocatoria de xullo, coa cualificación obtida.

Convocatoria de segunda oportunidade: En caso de non superación da materia (práctica clínica/solución de problemas), poderá recuperar a metodoloxía correspondente a: solución de problemas coa presentación dun novo traballo de solución de problemas, se é a parte non superada. No caso de ter SUSPENSAS as prácticas clínicas NON SON RECUPERABLES, está suxeito ao momento 5 do artículo 18 das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DÁS CUALIFICACIÓN DÚAS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO. Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 que sinala:

"Nas materias que pola súa natureza avalíense exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais».

As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que se obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas, no caso de ter suspenso a proba: solución de problemas.

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomentan ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente (ver apartado 9: recomendacións).
Bibliografía complementaria	Bibliografía que os docentes recomenden ou indiquen a través do moodle



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012
Enfermaría da Saúde Mental/750G01015
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017
Enfermaría Xerontolóxica/750G01020

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas V/750G01029
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031
Practicum/750G01032

Observacións

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", esta materia ten en conta as recomendacións de SUSTENTABILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO: - A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. - Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. - Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero, velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado. - Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. - Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. - Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías